



BASES DA PROMOCIÓN- "APOIA AO DEPORTE VIGUÉS"

Viaxes Zonda realiza unha promoción no ámbito territorial de España coa finalidade de sortear unha viaxe do "Club Finde" para dúas persoas.

Entrarán no sorteo os boletos das matrices entregadas polos clubs.

O donativo por cada boleto é de un euro.

Beneficiario/a

Poderán participar na promoción os/as españois/as maiores de idade e residentes en España; así coma, os/as estranxeiros/as, maiores de idade e residentes en España, coa tarxeta de residencia en España en vigor.

Sorteo

Haberá un sorteo público no que se extraerá o número gañador; e dous números máis que serán os suplentes.

Unha vez publicitado o número, no caso de non aparecer o gañador durante os primeiros quince días naturais despois do sorteo, ou non reclame o premio, renuncie, ou non cumpra cos requisitos establecidos nestas bases, pasará o premio ao primeiro suplente que terá quince días naturais para reclamalo e senón ao segundo.

Así pois, o prazo de reclamación do premio finaliza a o mes e medio de realizado o sorteo (4 de abril), data límite trala cal de non aparecer ningún dos números agraciados, o premio quedaría deserto.

O sorteo realizarase o 18 de febreiro de 2023 no descanso do encontro de baloncesto en cadeira de rodas Iberconsa Amfiv-Bidaideak Bilbao no Pavillón Municipal de Bouzas "Pablo Beiro"; en presenza de representantes de ambas as dúas entidades e demais público.

Viaxes Zonda e VIDE resérvanse o dereito a modificar ou cancelar as condicións do sorteo durante o desenvolvemento deste, por circunstancias alleas ao control de ambas entidades e que o fagan aconsellable.

Publicación dos gañadores

O/a gañador/a do sorteo autoriza a Viaxes Zonda e á Fundación VIDE a facer público o seu nome.

Premio

A reclamación do premio se cursará de forma presencial coa entrega do boleto gañador nas oficinas da Fundación VIDE na Rúa Cesáreo González, s/n de Vigo.

Unha vez reclamado o premio, a viaxe deberá gozarse durante o ano 2023.

As datas e duración indícaranse no momento de pechar a programación prevista para o ano 2023.

A viaxe incluírá o traslado en autopullman dende Vigo. O aloxamento en réxime de "pensión completa" (viños e augas incluídos) en hotels de categoría 3* e 4* e con guía acompañante de Viaxes Zonda todo o percorrido.

Tasas de aloxamento e seguro de viaxe incluído

O destino da viaxe non poderá ser modificado polos beneficiarios nin canxeado por diñeiro.

Viaxes Zonda e a Fundación Vigo en Deporte resérvanse o dereito de modificación, sen previo aviso, por causas climatolóxicas, de forza maior ou organizativas.

Os requisitos de saúde indícaranse en datas cercanas a data da viaxe seleccionada, segundo as normas sanitarias vixentes no momento.

Período da promoción

A data de comezo da campaña será o 12 de decembro de 2022 e a data de finalización o 18 de febreiro de 2023.

As matrices dos boletos vendidos entregaranse na sede de VIDE antes do día 13 de febreiro de 2023.

Toda a información relacionada co desenvolvemento da promoción e o sorteo comunicárase a través da web oficial (www.vide.es).

Outras consideracións

A inscrición á promoción supón a aceptación dos presentes termos e condicións, así como, do criterio de Viaxes Zonda e VIDE en canto á resolución de calquera cuestión ou incidencia derivada do sorteo.

Estas condicións réxense pola Lei Española. Viaxes Zonda, VIDE e os participantes na promoción sométense, coa renuncia expresa a calquera outro foro; aos xulgados e tribunais da cidade de Vigo para calquera controversia que se poida xerar.